MOECHE
CONCELLO

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 16 DE FEBREIRO DE 2017**

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 20,00 horas do día 16 de febreiro de 2017, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa Dª. Beatriz Bascoy Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- Dª Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Non asisten, presentando escusa:
- D. Rocio Luaces Antón

Non asisten sen presentar escusa:
- D. Xulio Cribeiro Garcia

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguientes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DAS SESIóN ANTERIOR, ORDINARIA DE 15 DE DECEMBRO DE 2016**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a sua aprobación a acta da sesión ordinaria do pleno celebrada o día 15 de decembro de 2016

**2.- DACIóN DE CONTAS DAS RESOUCIóNS DA ALCALDIA**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre 10 de decembro de 2016 é o 13 de xaneiro de 2017, é que son as seguintes


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

| Nº | DATA | DESCRIPCIÓN |
|---|---|---|
| 170 | 12-12-2016 | Cancelación fianza definitiva |
| 171 | 16-12-2016 | Prorroga contrato laboral do tecnico deportivo |
| 172 | 19-12-2016 | Formalización contrato menor mellora accesibilidade acceso o castelo |
| 173 | 19-12-2016 | Aprobación inicial do padrón de contribuintes por recollida de lixo 2017 |
| 174 | 20-12-2016 | Concertación operación tesoureria |
| 175 | 21-12-2016 | Contrato menor instalacion varios puntos de luz |
| 176 | 22-12-2016 | Contratación laboral temporal dunha auxiliar administrativa |
| 177 | 27-12-2016 | Aprobación lista provisional de admitidos e excluidos no proceso selectivo para formación dunha bolsa de traballo de arquitecto/a tecnico/a |
| 178 | 28-12-2016 | Prorroga dos contratos das auxiliares de axuda no fogar |
| 179 | 30-12-2016 | Aprobación expediente de modificación de créditos 12/16 |
| 180 | 30-12-2016 | Aprobación do plan de seguridade e saude da obra de "Sustitución cubernta da nave de gando do campo da feira" |
| 181 | 30-12-2016 | Contratación laboral temporal dunha auxiliar de axuda no fogar |
| 182 | 30-12-2016 | Baixas no servizo de recollida de lixo |
| 1 | 18-01-2017 | Aprobación lista definitiva de admitidos e excluidos no proceso selectivo para formación dunha bolsa de traballo de arquitecto/a tecnico/a |
| 2 | 19-01-2017 | Suspensión do prazo máximo para resolver o expediente iniciado para a resolución do contrato de obras de "mellora das redes de alumeado público" |
| 3 | 19-01-2017 | Aprobación do plan de seguridade e saude da obra de Acondicionamenyto e melloras na area recreativa e no entorno do castelo |
| 4 | 20-01-2017 | Adhesión do concello o Plan de Integración laboral da Deputación |
| 5 | 20-01-2017 | Contrato menor para o deseño e producción dun folleto de medioambiejnte |
| 6 | 23-01-2017 | Autorización uso local social de Abade |
| 7 | 24-01-2017 | Autorización uso local social do Pereiro |
| 8 | 24-01-2017 | Autorización uso da nave dos tecidos |
| 9 | 02-02-2017 | Autorización uso local social de Abade |
| 10 | 02-02-2017 | Cancelación fianza |
| 11 | 02-02-2017 | Nova inclusión no servizo de axuda no fogar |
| 12 | 03-02-2017 | Autorización uso local social do Pereiro |
| 13 | 03-02-2017 | Autorización uso local social do Pereiro |
| 14 | 03-02-2017 | Contrato menor seguro accidentes usuarios polideprortivo |
| 15 | 07-02-2017 | Cancelación fianza |
| 16 | 07-02-2017 | Inscripción ARCD club de tenis e padel de Moeche no rexistro municipal de entidades veciñais |
| 17 | 07-02-2017 | Autorización uso local social de Abade |
| 18 | 08-02-2017 | Aprobación dunha bolsa de traballo de arquitecto/a tecnico/a |
| 19 | 10-02-2017 | Exposición o público do proxecto de inventario de bens |


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARÍA

usuarios que non o estaban pagando,proceso que entendemos que queda practicamente rematado no padron do exercicio 2017

Unha vez concluida a exposición da alcaldia, sometese a votación o presuposto presentado O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes adopta o seguinte ACORDO

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2.017, sendo o seu resumo, a nivel de capítulo, o seguinte:

## ESTADO DE GASTOS

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN CAPÍTULO | PREVISIÓN GASTOS |
|---|---|---|
| 1 | Gastos de persoal | 417.605,00 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 569.400,00 |
| 3 | Gastos financeiros | 3.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 45.800,00 |
| 5 | Fondo de continxencia e outros imprevistos | 10.000,00 |
| 6 | Investimentos reais | 961.200,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 |
| 8 | Activos financeiros | 25.000,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 |
| | **TOTAL GASTOS 2017** | **2.032.005,00** |

## ESTADO DE INGRESOS

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN CAPÍTULO | PREVISIÓN INGRESOS |
|---|---|---|
| 1 | Impostos directos | 267.500,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 15.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 222.305,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 714.500,00 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 12.200,00 |
| 6 | Alleamento de investimentos reais | 6.000,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 661.700,00 |
| 8 | Activos financeiros | 25.000,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 107.800,00 |
| | **TOTAL INGRESOS 2016** | **2.032.005,00** |

2º. Aprobar as Bases de Execución de dito Orzamento.

3º.- Asimesmo, aprobar á Plantilla de Persoal e relación de postos de traballo que se une como anexo o presente acordo.

4º.- Que se expoña o público polo plazo de qince días hábiles, a efectos de reclamacions, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do RDLeg. 2/12004 Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARIA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

A Corporación queda enterada

**3.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017, BASES DE EXECUCIóN E PLANTILLA DE PERSOAL**

Sometese a consideración da Corporación o proxecto do Orzamento xeral deste concello, para o exercicio 2017, así como as súas bases de execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de acordo co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 18 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, que foi informado favorablemente pola Comisión Especial de Contas con data día 13 de febreiro de 2017.

Pola Alcaldesa, **Sra. Bascoy Maceiras** faise un resumen das principais novidades deste orzamento, indicando que o retraso na sua elaboración veu determinado polo feito de que estan pendentes de aprobar os presupostos do estado o que fixo que se demoraran a elaboración dos orzamentos de paracticamente todas as administracions públicas entanto non se aprobaba o teito de gasto, pasando a continuación a destacar os seguintes aspectos:

- O importante incremento do presuposto, tanto de ingresos como de gastos, con respeto o exercicio anterior, que casi chega o 34%, e que principalmente se concentra, no caso de gastos, no capítulo 6º investimentos reais que aumenta 465.650 € en relación co exercicio anterior, pasando de 495.550 € a 961.200 €, (coa sua correspondente correlación en ingresos, capítulos 7º e 9º) esto ven determinado, basicamente, pola aprobación do novo POS+ da Deputación Provincial que inclue nuha sola liña de subvencions, a parte do Plan de obras e servizos, varias liñas diferentes que antes se concedian o longo do exercicio e que ahora se coñecen dende o principio, dando libredade os concellos para efectuar os investimentos e/ou o gasto corrente naqueles servizos ou infraestructuras que se consideren mais necesarios e beneficiosos para os intereses do Concello, podendose sinalar entre os investimentos previstos, o arranxo de diversas pistas municipais, a ampliación da dede de saneamento en San Ramon, a mellora do recinto feiral, a adquisición de terreos para infraestructuras municipais..., incluese tamen o Plan marco de millora de camiños municipais do Agader, do que xa se coece a contia para este ano 2016
- A inclusión, dentro do capítulo 1º de gastos, do plan de contratación de persoas en risco de exclusión social da Deputación Provincial, do cal xa se coñece a contia (19.000 €) que se inclue no orzamento de ingresos, a substitución dunha praza de auxiliar do servizo de axuda no fogar a xornada compelta por duas a media xornada e a dotación de fondos necesarios para cubrir as substitucions do persoal que xa se sabe que van a estar de baixa por maternidade durante o exercicio
- Destacar a importante contencion do gasto corrente realizado, eliminadose moitos gastos innecesarios, asi como o aumento dos ingresos no caso das taxas e impostos municipais, por exemplo no servizo de recollida de lixo no que se procedeu a dar de alta de oficio os


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

5º.- No suposto de non presentarse reclamacions en contra do presente acordo, entenderáse definitivamente aprobado, debendo cumplirse os trámites previstos nos artígos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e 169 do RDLeg. 2/12004 . Noutro caso obrarás conforme o prevenido no nº 1 deste último artígo.

6º.- Facultase á Alcaldia para que adopte todalas medidas precisas para o cumplimento das previsions contenidas no documento aprobado,

**A N E X O**
**PLANTILLA DE PERSONAL**
**AÑO DE 2.017**

*A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA*

| DENOMINACION | GRUPO | Nº | NIVEL C. D. | CUBERTAS | VACANTES |
|---|---|---|---|---|---|
| Secretaría-Intervención | $A_1/A_2$ | 1 | 28 | 1 | 0 |
| Axente Desenvolvemento Local | $A_2$ | 1 | 22 | 1 | 0 |
| Traballador/a social | $A_2$ | 1 | 22 | 1 | 0 |
| Arquitecto Tecncio ½ xornada | $A_2$ | 1 | 22 | 1 | 0 |
| Administrativo | $C_1$ | 1 | 20 | 1 | 0 |
| Auxiliar Administrativo | $C_2$ | 1 | 18 | 1 | 0 |

*B) POSTOS DE TRABALLO SOMETIDOS A LEXISLACION LABORAL*

**Personal laboral fixo**

| DENOMINACION | TTITULACION ESIXIDA | Nº | CUBERTAS | VACANTES |
|---|---|---|---|---|
| Encargado Biblioteca e P.I.X. /Xulgado de Paz | Graduado ESO | 1 | 1 | 0 |
| Conductor vehiculos e maquinaria | Graduado ESO | 1 | 1 | 0 |
| Peon -operario | E. Primarios | 1 | 1 | 0 |

**Personal laboral eventual**

| DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO | Nº de prazas |
|---|---|
| Auxiliares servicio axuda domicilio xornada completa | 2 |
| Auxiliares servicio axuda domicilio xornada completa (4 meses) | 1 |
| Auxiliares servicio axuda domicilio xornada parcial (8 meses) | 2 |
| Auxiliar servizo axuda domicilio templo completo ,2 meses (suplencia vacacions) | 1 |
| Auxiliar servizo axuda domicilio templo parcial ,2 meses (suplencia vacacions) | 1 |
| Tecnico/a deportivo/a | 1 |

CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA) SECRETARÍA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

## 4.- APROBACIóN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE OBRAS DENOMINADO 'CUBERTA PARA PAVILLóN POLIDEPORTIVO E OUTROS'

O Pleno da Corporación, por unanimidade adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obras denominado ***"Cuberta pavillon polideportivo e outra"*** cun orzamento de execución por contrata de 86,765,41 euros, mais 18.220,74 euros de IVE o que da un orzamento total de 104.986,15 euros, redactado polo enxenieiro de camiños D. Igor Vergara Otero.

SEGUNDO.-Comprometerse a aportar, con cargo os fondos municipais, a cantidade de 20.997,23 euros, a que ascende o 20% do custo do referido proxecto, solicitando da Deputación Provincial da Coruña a financiamento do 80% restante do proxecto aprobado que ascende a cantidade de 83.998,92 €.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos edificios, terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

## 5.- PROPOSTA DA ALCALDIA PARA SOLICITAR A RETIRADA DO AMIANTO DA CUBERTA DO CEIP DE SAN RAMON

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes prestou a sua aprobación a proposta da Alcaldia que se transcribe

Algunhas edificación de diferentes centros de ensino galegos , entre eles o CEIP San Ramón, teñen amianto nas súas cubertas. Esta situación está a provocar a lóxica preocupación social, e moi especificamente entre as nais e pais de alumnado de centros educativos, pola posibilidade de termos ás nosas fillas e fillos expostos a unha substancia potencialmente cancerígena e prohibida no noso País dende hai máis de 30 anos.

Por esta razón, entendemos que as Administración deben colaborar na erradicación desta problemática e na tranquilidade das familias, efectuando nos centros escolares públicos as comprobación necesarias para comprobar se efectivamente o amianto é un dos elementos construtivos presentes nas cubiertas.

No caso do CEIP San Ramón a cuberta está composta de planchas de uralita que contén amianto e , polo tanto , debe ser substituída o máis axiña posible. A Administración Municipal non ten entre as súas competencias as obras maiores, como a substitución dunha cuberta, nin o custo da actualización dos centros escolares; mais tamén , por ser a Administración máis próxima á cidadanía, ten que ser a primeira voz que defenda os intereses da súa veciñanza diante da Administración Autonómica.

Neste sentido dirixiuse ao este Concello o presidente da Confederacion de ANPAS Galegas, Javier Sánchez García, solicitando o noso apoio e colaboración na detección deste problema


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

na escola de Moeche. En consecuencia, desde o Concello procederse a comprobar a existencia dese material na cuberta do centro escolar.

Por todo isto, esta Alcaldía próponlle ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo

Primeiro . Realizadas as comprobación, instar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Administración competente na solución deste problema, para a realización inmediata das obras necesarias de substitución das cubertas para eliminar este material do CEIP San Ramón.

Segundo. Comunicarlle aos pais e nais o acordo adoptado polo Pleno

## 6.- MODIFICACIóN SE PROCEDE DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PRESTACIóN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Pola Alcaldia proponse a modificación da Ordenanza municipal reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) dando conta dos principais cambios que se introducen no texto, unha vez examinada a proposta, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acordou:

PRIMEIRO. Aprobar inícialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) coa redacción que a continuación se recolle no anexo a presente proposta:

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Província e tablón de anuncios do Concello, polo prazo de trinta dias para que podan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Caso de que non se produzcan alegacións, entenderase este Regulamento definitivamente aprobado

3º.- No suposto de non presentarse reclamacions contra o presente acordo, se entenderá definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso polo Pleno , procedéndose a súa íntegra publicación no BOP. Entrando en vigor o día seguinte da publicación do texto integro. En outro caso se someteran as reclamacions o Pleno da Corporación para que este estime o que considere pertinente.

### ANEXO

### ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA).

**Modificase a introducción,** que queda redactada como segue:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

A Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración local (LRSAL) en su disposición transitoria segunda , no apartado 5, establece un réxime transitorio polo que os concellos debrán seguir asumindo a prestacion dos servizos sociais e de promoción e de reinserción social que viñan prestando antes da entrada en vigor da LRSAL ata que a asunción desta prestación se produza por parte da Comunidade Autónoma.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, corresponde´ndolles aos poderes uúblicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre as persoas sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución española.

Esta lei establece no seu capítulo II o catálogo de servizos sociais, onde se define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitarlles o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que e´ función dos servizos sociais comunitarios ba´sicos a xestio´n da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomiá persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos da axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a suá autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7.b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicio´ns de prestacio´n e desenvolvemento dos servizos.

.

En consecuencia, e de conformidade co marco normativo sinalado, o Concello de Moeche regula os requisitos e as condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza reguladora

**Artigo 1.-Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ordenanza ten como obxectivo regular o servizo de axuda no fogar prestado polo Concello de Moeche.
O seu ámbito de aplicación é o servizo de axuda no fogar que se realiza no Concello de Moeche.

**Modificase o artigo 2º** que pasa a redactarse como segue
**Artigo 2º.- Definición e obxectivos**

O SAF defínese como unha prestación básica do sistema público de servizos sociais que presta un conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, a persoas ou familias no seu fogar cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, para realizar as tarefas da vida cotiá manténdoos no seu fogar e integrados no seu medio natural, mellorando a súa calidade de vida.


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

O servizo terá carácter complementario e transitorio, non eximindo ás familias das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspóndelles ós servizos sociais do Concello de Moeche. No caso de usuarios/as que teñan recoñecido o grao e nivel de dependencia este servizo poderá ter carácter definitivo.

O obxectivo xeral do servizo é prestar unha serie de atencións e coidados os cidadáns no seu domicilio naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal, ou en situacións de desintegración familiar, para proporcionárlles a posibilidade de continuar no seu medio natural mentres sexa posible e conveniente.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Previr situacións de crise, persoal ou familiares, prestando unha serie de atencións de carácter persoal, a aquelas persoas que se atopen nunha situación de especial necesidade.
- Favorecer a permanencia das persoas no seu medio habitual, sen que diminúa a calidade de vida, por problemas de saúde, incapacidade, etc...
- Evitalos internamentos non desexados ou innecesarios.
- Integrar as persoas ou familias na vida comunitaria estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades e evitando o desarraigo, illamento e a marxinación.
- Axudar á familia a asumir as súas responsabilidades respecto da atención ós seus membros, así como fomentar actitudes que favorezan a reestruturación familiar.
- Reforzar os vínculos existentes ou fomentar novos vínculos do usuario coa familia, veciños/as e contorno.
- Evitar o abandono persoal do/a usuario/a.
- Implicar os propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal ou familiar.

**Modificase o artigo 3º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 3º.- Prestación**

De acordo coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

1) Atencións de carácter persoal:
- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio para a mobilidade dentro do fogar.
- Axuda para o aseo e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimenticio e axuda, de ser o caso, para alimentarse
- Supervisión das tomas de medicación simple prescrita polo médico.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia

2) Atencións de carácter doméstico:
- Preparación de alimentos
- Roupa (comprenderá lavado, pasar o ferro, etc...)
- Limpeza e coidados básicos do fogar, mantemento da salubridade e hixiene da vivenda.

3) Atencións de carácter psicosocial e educativas: refírese ás intervencións de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais de afectividade, da convivencia, e da estrutura familiar, da organización da economía doméstica e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario. Este tipo de atencións concretaranse en:

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARÍA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

Cambios de hábito de orde e limpeza, administración da economía doméstica, organización doméstica, motivación a participación en actividades sociais, apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar, axuda para a relación co contorno, etc

4) Atencións de carácter técnico e complementario: refírese a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúen en condicións axeitadas ou para permitir co apoio das novas tecnologías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencias, tales como teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.
Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu contorno inmediato. Neste sentido quedan explicitamente excluídas as tarefas de tipo puntual e extraordinario (como limpeza de altos, limpeza xeral, limpeza de zonas comunitarias, cristais, labores de xardín e horta, lámpadas, teitos, etc...). Para a realización destas actuacións os/as usuarios/as deberán dispoñer ou proverse dos medios necesarios.

5. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outras, as seguintes actuacións e servizos:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables
b) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxiáou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas
c) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares
d) Adaptacións funcionais do fogar
e) Servizo de podoloxí
f) Servizo de fisioterapia

6. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica dos Servizos Sociais sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

7. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a su´a autonomía

8 Tódalas demais funcións que dentro da filosofía e espírito do servizo estimen como necesarias os servizos sociais do Concello de Moeche.

9. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a) A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo
b) Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo

**Modificase o artigo 4º** (que pasa a redactarse como segue)

**Artigo 4º.- Persoas beneficiarias**

4.1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonmía e persoas


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

condiscapcidade especialemente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato , asi como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácer socioeducativo

4.2. Daráselles prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

4.3 Non obstante, os/as usuarios/as interesados en obter o acceso á prestación do servizo, por **libre concorrencia,** quedarán condicionados polo número de auxiliares encargadas da súa prestación que se poidan contratar cada ano en función dos recursos económicos con que conte o Concello de Moeche para ese exercicio. En caso de subcontratación quedará suxeito ao orzamento aprobado para este concepto no exercicio económico correspondente.

Poderán ser potenciais usuarios/as ou destinatarios do servizo de axuda no fogar os seguintes colectivos:

- Persoas maiores, que necesiten a axuda de terceiras persoas para o desenvolvemento das necesidades básicas, que non teñan ningún familiar que lles poida prestar esta axuda, e que con este servizo poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con minusvalía, incapacitadas, afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos, que precisen axuda e que con este servizo se poida favorecer a súa autonomía ou mellorar a súa calidade de vida.
- Persoas en xeral que pola súa situación de enfermidade teñan dificultade para desenvolverse por si mesmos.
- Familias que atravesen situacións de crise que poidan necesitar apoio na realización das súas actividades habituais.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco ou exclusión social.
- Persoas con dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (este colectivo terá prioridade na percepción do servizo sobre tódolos demais).

**Modificase o artigo 6º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 6º.- Requisitos**

Para ter dereito ao servizo de axuda no fogar será imprescindible cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Moeche, polo menos cun ano de antelación.
- Non percibir axuda doutra institución ou entidade para a mesma finalidade.
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal, que precise doutro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.
- No caso daqueles usuarios por libre concorrencia que cumprindo os requisitos esixidos nos apartados anteriores teñan familiares que se poidan encargar deles pero se negan a facelo, a valoración do servizos sociais do Concello de Moeche será decisiva na súa concesión ou denegación, sen entrar a valors restantes condicións que deba cumprir o solicitante.

**Modificase o artigo 8º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 8º.- Procedemento**

8.1. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

8.2. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:
As solicitudes formalizaranse no impreso expedido polo Concello de Moeche dirixido á Alcaldía, achegando a documentación sinalada no artigo anterior. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.
As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar as deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen maís trámite, tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo

- Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente no rexistro de entrada, a traballadora social do Concello de Moeche procederá á comprobación dos datos proporcionados e á avaliación das solicitudes (segundo os baremos establecidos nesta ordenanza), unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria , determinará mediante un informe técnico a idoneidade do servizo e a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circusntancias de necesidad e a aplicación do baremo establecido, conforme co Anexo I
- O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe-proposta que será elevado á Xunta de Goberno Local, para que dite a correspondente resolución. O prazo máximo para resolver será de dous meses
- A proposta de resolución ben desestimando a solicitude ou ben concedendo a prestación do servizo para o exercicio en curso ou período inferior que se solicitase, deberá ser notificada ó/á interesado/a.
- No caso de que sexa favorable, a resolución terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir disponibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda

8.3. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os servizos sociais de atención primaria do Concello de Moeche e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación.

8.4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada da Alcaldía ou do concelleiro/a delegado/a da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos servizos sociais de atención primaria, e sen prexuízo da posterior tramitación do correspondente expediente. A desaparición desta situación excepcional de risco levará a extinción de carácter urxente do caso e pasará ao proceso ordinario de resolución de petición.

8.5. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar un acordo-contrato, a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, as tarefas para desenvolver, horarios, días e contribución económica correspondente, ou gratuidade se procede. O incumprimento deste acordo-contrato poderá ser causa de baixa do servizo.

8.6..- Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo por libre concorrencia, co fin de comprobar que cumpren as condicións para a súa continuidade.

8.8 O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

**Modificase o artigo 9º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 9º. Intensidade na prestación do servizo**

9.1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención.
9.2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, todos os días da semana.
9.3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

9.4- Colaborar co traballador social na coordinación e avaliación do servizo. As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo. Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas,.

**Modificase o artigo 11º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 11 - Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo será como máximo dunha semana dende que se dita a resolución da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta sera´ como máximo de tres días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizara unha avaliación da situación e establecera´ un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas que se han desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase con base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria, e comunicaráselle previamente ás persoas titoras do usario, de ser o caso.

4. Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.
5. Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.
6. Para o inicio da prestació do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no Anexo III desta ordenanza.

7. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervencón, segundo o Anexo II desta ordenanza, que deberá conter:
a) Diás da semana de atención
b) Horario concreto no que se desenvolverá a prestación
c) Identidade do persoal de atenció directa responsable da execución do proxecto
d) Obxectivos e tarefas que se van desempeñar no domicilio
e) Seguimento efectivo da prestación no domicilio da persoa usuaria, con carácter mínimo bimestral
8. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
9. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria - ou aos seus titores legais , de ser o caso- e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas que se han desenvolver no domicilio.

10. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditació e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARÍA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

- A prestación do SAF, será supervisada polo/a traballador/a social do Concello de Moeche coa periodicidade bimestral como mínimo, facendo un seguimento individual de cada caso, considerando a necesidade de mantelo, aumentalo ou suprimilo. Ó/Á dito/a técnico/a correspóndelle a coordinación e supervisión das auxiliares de axuda no fogar establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas para seguir polos/as traballadores/as coa finalidade de mellorar a calidade do servizo.
- No caso dos/as usuarios/as recoñecidos como dependentes, o servizo prestarase ao longo de todo o ano segundo o seu plan individual de atención.
- No caso dos/as usuarios/as que accedan ao servizo a través de libre concorrencia teranse en conta as seguintes especificacións:

1) O tempo de atención individual asignarase segundo criterio profesional do técnico do servizo, podendo ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais ou familiares e na dispoñibilidade de medios do servizo , semrpe con notificación previa ás persoas usuarias e ao persoal traballador do servizo.
2) No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender todas as demandas susceptibles de recibilo, elaborarase unha lista de espera na que cada solicitude ocupará un lugar determinado pola puntuación obtida na valoración segundo o baremo de regulamento. No suposto de solicitudes con igual puntuación valorarase a data de presentación desta.

**Modificase o artigo 12** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 12º.- Dereitos das persoas usuarias do SAF**

- A accederen ao servizo e recibiren asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Á consideración no trato debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.
- A seren informados de todos aqueles aspectos que lles interesen en relación á tramitación, concesión e, se é o caso denegación, prestación e incidencias do servizo, así como calquera outro aspecto relacionado con este, que poida ser do seu interese.
- A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- Á correcta e dilixente prestación do servizo, conforme á concesión deste e ós contidos deste regulamento.
- Ao respecto á intimidade e á absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
- Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei Orga´nica 15/1999, do 13 de decembro, de proteccio´n de datos de carácter persoal
- A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- A deixar de utilizar o servizo por vontade propia.
- En caso de conflicto de calquera índole, a facer a reclamación correspondente co fin de atopar solución.

**Modificase o artigo 13º** que pasa a redactarse como segue
**Artigo 13º.- Deberes das persoas usuarias do SAF**
As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo comu´n, terán os seguintes deberes:


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

1) Comunicar as modificacións que se poidan producir en relación co dereito que teña de recibir esta prestación
2) Comunicar calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica ou familiar de interese en relación coa axuda recibida dentro dos 15 días naturais seguintes ao dito cambio
3) Non poderán realizar cambios de horario, tarefas, etc..., sen a autorización do técnico responsable do servizo
4) O trato cara ao persoal do servizo de axuda no fogar debe ser de respecto e consideración facilitando tamén a colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.
5) O/A usuario/a comprométese ademais a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo equipo técnico dos servizos sociais do Concello de Moeche ou da empresa subcontratada para este servizo
6) O/A usuario/a correrá cos gastos de material de limpeza, aseo, alimentación
7) Non fará preguntas ao persoal do SAF sobre datos persoais nin realizará comentarios con terceiros sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.
8) Respectaren a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os li´mites das su´as obrigas laborais Os contactos coa auxiliar de axuda no fogar, referidos ao propio servizo, fóra do horario laboral deben realizarse sempre a través do responsable do servizo
9) O/A usuario/a debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo
10) Satisfacer a cota que corresponda como achega económica do/a beneficiario/a, cando sexa esixible
11) Comunicar as ausencias do seu domicilio cunha antelación de 10 días, salvo se esta se producise por causa imprevisible, que se deberá comunicar no momento do seu coñecemento
12) Respectar as normas e condicións establecidas no momento da concesión do servizo
13) O incumprimento dalgún destes deberes por parte dos/as usuarios/as poderá implicar a extinción da prestación, previa audiencia á persoa beneficiaria ou aos seus titores legais.

**Modificase o artigo 14º** que pasa a redactarse como segue

**Artigo 14º.- Deberes do persoal do servizo**

A Deberes xerais de todo o persoal do servizo

1) O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/a usuario/a e coa súa familia interfira no traballo.
2) Respectar a intimidade do/a usuario/a e gardar a debida confidencialidade.

B - Deberes do/a auxiliar de axuda no fogar

1) O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/a usuario/a e a súa familia interfira no traballo.
2) Respectará a intimidade do/a usuario/a e gardará a debida confidencialidade.
3) A auxiliar non debe facer partícipes ós/ás usuarios/as e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
4) A auxiliar no poderá facer traballos complementarios ó/á usuario/a, remunerados ou non, fóra do horario e condicións establecidas no plan de traballo.
5) A auxiliar non debe facer traballos a outros membros familiares distintos dos/as beneficiarios/as, aínda que convivan na mesma casa.
6) Non se poderá acudir ao lugar de traballo acompañados de persoas alleas ao servizo.
7) Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin obxectos.

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARÍA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

8) Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do/a usuario/a ao auxiliar de axuda no fogar (cartos, regalos, etc…).
9) En caso de ausencia ao traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible, agás urxencias, tras a autorización do xefe de persoal ó/á usuario/a e ao xefe do servizo.

## 7.- INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO NO 4º TRIMESTRE DE 2016

En cumplimento do establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacions comerciais, ponse en coñecemento da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacions correspondente o 4º trimestre de 2016 elaborado polos servicios económicos do Concello

## 8.- INFORME SOBRE A ELABORACIóN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO DO CONCELLO DE MOECHE

Pola Alcaldia manifestase que, como xa coñecen todos os concelleiros, a Deputacion Provincial da Coruña, a solicitude deste Concello, procedeu a elaborar o proxecto de *Inventario de patrimonio deste Concello de Moeche,* comprensivo da totalidade dos bens e dereitos que integran o patrimonio municipal, non se incluen no mesmo os camiños publicos que seran obxecto dun inventario posterior

Unha vez finalizados os traballos de elaboración do inventario, e antes de sometelo a consideracon do Pleno da Corporacion para a sua aprobacion, o equipo de goberno considera necesario, para garantizar unha maior fiabilidade do mesmo, sometelo a información pública

En consecuencia a Alcaldia, por resolución de data 10 de febreiro de 2017, acordou someter a exposición publica o proxecto de Inventario de patrimonio deste concello de Moeche, polo prazo dun mes, comprendido entre o 14 de febreiro e o 13 de marzo de 2017, para que todos os interesados podan examinalo, na casa do concello en horario de 9,00 a 14,00 h., e formular as observacions que consideren pertinentes.

A Corporación, queda enterada

## 9.- MOCIóN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E AS RESPONSABILIDADES DAS COMPAñIAS ELéCTRICAS

Sometese a consideración da Corporación a moción do grupo municipal do BNG que se transcribe

MOCIÓN RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa aos danos causados polos temporais de febreiro e ás reponsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Polo anteriormente exposto, o grupo do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento e debate polo Pleno da Corporación:

1. Instar ao Goberno galego a:

a) a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestuturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola…), actividade industrial e sector servizos.

b) b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) c) Exixir responsabilidades e estabelecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña) SECRETARÍA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

2. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

Antes de someter a votación a proposta presentada, pola alcaldesa **Sra. Bascoy Maceiras**, indicase que quere facer duas observacions que teñen relación co tema que se trata

- Indicar que dende a FAEPAC (Fundación axencia enerxética provincial da Coruña) que teñen a oficina nas Pontes, dase asesoramento gratuito para que os particulares podan presentar reclamacions ante as compañias electricas, hai información o respeto no facebook do Concello
- En segundo lugar, agradecer a todos os veciños que axudaron a cortar as arbores caidos nas pistas, especialmente os panadeiros que, mentras facián o reparto, avisaban o Concello dos danos que atopaban, e tamen o encargado do mantemento electrico do concello "Sito" que traballou dia e noite para solucionar os problemas. Indicando que se atenderon todos os avisos que se fixeron o Concello, os que non avisaron non se puideron atender, o concello non sole atender avisos nos perfiles privados do facebook

**VOTACION**: A proposta presentada, resultou aprobada por CINCO (5) votos a favor e DUAS (2) abstencions dos Srs. Gonzalez Aneiros e Sueiras Dopico

## 10.- MOCIóN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A IMPOSICIóN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIóN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PúBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIóNS DE TRANSPORTE DE ENERXIA ELECTRICA, GAS OU HIDORCARBUROS

O pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a sua aprobación a moción do Grupo Municipal do BNG que se transcribe de seguido

MOCIÓN RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impoñíbel da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflitividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impoñíbel é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuízados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

A C O R D O

Iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.

CONCELLO DE MOECHE (A Coruña)


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

## 11.- MOCIóN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A CANCELACIóN DE INVERSIóN PARA O MANTEMENTO NA VíA E NAS ESTACIóNS DA LIñA DE ANCHO MéTRICO, RENFE-FEVE

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asitentes, prestou a sua aprobacion a seguinte moción presentada polo Grupo Municipal do BNG

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, ao amparo do disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois das últimas informacións ao respecto da cancelación de inversión de máis de 12,5 millóns de euros para este ano 2017 para o mantemento na vía e nas estacións da liña de ancho métrico, RENFE-FEVE, só nos queda afirmar que asistimos ao derradeiro paso do que supón o DESMANTELAMENTO do ferrocarril da vía estreita no territorio galego por parte do goberno do Estado.

Xa vimos coñecendo nos últimos anos como desde o propio Ministerio de Fomento están a vincularse as axudas de mantemento do servizo cos níveis de ocupación e/ou rentabilidade das liñas, constituíndo este método en si mesmo unha fraude total, posto que a supresión de revisores imposibilita avaliar correctamente a ocupación dos servizos, chegando incluso *de facto* a nin tan sequera realizar o cobro por parte da empresa ou ter coñecemento de cales son as liñas máis empregadas. Así é que no último ano -2016- leváronse a cabo perto de 600 supresións de servizos en Galiza, así coma retrasos continuados, vías e infraestruturas en mal estado –estacións, apeadeiros, varandas ou pasos-, e iso sen contar coa calidade do material rodante que circula no territorio galego. Todo para máis unha vez, levar a cabo unha pensada e premeditada política para XUSTIFICAR A SÚA SUPRESIÓN DEFINITIVA. Como consecuencia, sabemos que os dados de ocupación que se poidan tirar de calquera estudio elaborado ou encargado desde o Ministerio de Fomento non poden ser bos, mais sen dúbida é pola errática ou inexistente política comercial e de horarios e servizos que non responden ás necesidades de mobilidade, ademais de todo o anteriormente mencionado. Chegando a cousas tan absurdas como colocar nas estacións un número de tlf do contacto, con sede en Asturias, ao que chamar para solicitar transporte alternativo, no caso de que o tren se retrasase en máis de 15 minutos .

E a imaxe repítese se falamos do transporte de mercadorías, onde no pasado ano 2016 sufriu recortes nos servizos que levou na práctica á desaparición do transporte ferroviario de mercdorías polo territorio galego. Así pois, compañías como Alcoa na súa planta de San Cibrao, onde diariamente unhas 350 toneladas de placa de aluminio saen cara a Amorebieta; ou o mesmo o transposte de madeira, que chegou a mover 36.000 toneladas ao ano, son as grandes perxudicadas levando a facer o transporte por estrada, con todo o que eso supón.

Non entendemos como, xustamente neste momento con a situación socioeconómica que estamos a viver no noso país, preténdase prescindir dun servizo ferroviario que pode ser fundamental para a vertebración do territorio, ademais de dinamizador e atractivo para as zonas rurais. Constitúe en si mesmo un medio de transporte público accesíbel a tod@s -economicamente falando- e dos máis respetcuosos para o medio ambiente e polo que desde o Estado non parece estar interesado en manter e promocionar.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG-AA solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es

MOECHE
CONCELLO

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza para que SOLICITE DO MINISTERIO DE FOMENTO os investimentos precisos para garantír un servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE) polo territorio galego nas mellores condicións posíbeis. Para o que é preciso melloras do material rodante, arranxos en estacións, apeadeiros e trazados, vías..., así como aumento de persoal.
2. Instar á Xunta de Galiza para SOLICITAR DO GOBERNO DO ESTADO A TRANSFERENCIA DO SERVIZO FERROVIARIO DE ANCHO MÉTRICO, e así poder levar a cabo a súa promoción, coordinación e integración na rede galega de transporte ferroviario de proximidade.

## 12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

Aberto o turno de rogos e preguntas non se formula ningun

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 20 horas e 40 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
A ALCALDESA

Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras

A SECRETARIA


Rúa da Feira nº 32- San Xoán. 15563 Moeche ( A Coruña)
Tlf:981404 006, Fax: 981 404 200, E-mail: correo@moeche.es